Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Ditos e refráns dos cogomelos] Orellos, cuncos e pantorras

As especies de Helvellas, Sarcosphaeira, Morchella e Mitrophora, se se consumen crúas ou pouco cociñadas provocan hemólise (rotura dos glóbulos vermellos) por cogomelos.

Xa era ben coñecida polas ribeiras do Sil. Curándose en saúde escaldaban estes cogomelos antes de preparalos e tiraban a primeira auga.

Un dito que a min me confirmou a cultura micolóxica do oriente ourensán:

Orellos, cuncos e pantorras, escaldas pra que non morras

Isto quere dicir que xa de antigo sabían que a primeira auga destes cogomelos se debía tirar, xa que en cru son tóxicos.

O nome popular en galego da Helvella monachela, Helvella sulcata e a Helvella crispa é □orellos□, da Sascosphaeira coronaria é □cuncos□, e das Morchelas é □pantorras□.

[Texto e foto achegados por Cristovo Ruíz Leivas

]



BIBLIOGRAFÍA

RUÍZ LEIVAS, Cristovo / EIROA GARCÍA-GARAVAL, Juan A., Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos, Cadernos de Fraseoloxía Galega, 4, 2002, páx. 363-379.